

**OS SOCIALISTAS DE VILALBA LAMENTAN QUE GERARDO CRIADO
REXEITE O DEBATE QUE ESTABA PREVISTO PARA O VINDEIRO
VENRES EN *RADIO PRINCIPAL CADENA SER***

Eduardo Vidal considera que tal actitude se debe “ao medo a que os vilalbeses e vilalbesas poidan escoitar a pluralidade política que as distintas formacións representan nos importantes comicios municipais”

Con esta “cobardía política”, subraia o número 2 da candidatura, “o eslogan de campaña do PP *Esforzo, traballo e compromiso* queda en evidencia e falta de toda credibilidade, incluso diante do seu electorado máis fiel”

Vilalba, 20 de maio de 2015.- O nº 2 da candidatura e secretario Xeral da agrupación do PSdeG-PSOE de Vilalba –Eduardo Vidal Baamonde– manifesta “a cobardía política” do cabeza de lista popular –Gerardo Criado–, ao rexeitar a celebración do debate previsto diante dos micrófonos da emisora de radio *Radio Principal Cadena SER*.

Deste xeito, Vidal Baamonde considera que tal actitude se debe “ao medo a que os vilalbeses e vilalbesas poidan escoitar a pluralidade política que as distintas formacións representan nos importantes comicios municipais”. E é que con tal resposta, o “candidato do PP impide non só a confrontación política, tamén o necesario exercicio de confrontación ideolóxica e de propostas programáticas”, afirma o número 2 da candidatura.

A este respecto, subraia que, deste modo, “a sociedade vilalbesa vese privada de coñecer e valorar o pulso democrático que cada formación política ofrece”. “Con esta actitude, o eslogan de campaña do PP vilalbés *Esforzo, traballo e compromiso* queda en evidencia e falta de toda credibilidade, incluso diante do seu electorado máis fiel”, conclúe o socialista.

